

**COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**

**Texto**

Coincidiendo con el Día Internacional de los Derechos de la Infancia se han conocido diversos trabajos que muestran los cambios, no siempre para bien, que afectan a la vida de los niños. Uno de ellos, realizado por el Instituto Tecnológico de Producto Infantil y Ocio, compara con qué sueñan y juegan los niños de hoy en relación con los de 1990. Y lo que ha encontrado es que los niños tienen ahora menos ocio y están más sobrecargados por deberes y actividades extraescolares que los de hace 25 años. No es el primer estudio que alerta sobre el estrés infantil y la falta de tiempo para jugar, lo que tiene importantes consecuencias en su formación. El juego es un elemento indispensable para una infancia feliz y un importante instrumento de socialización.

Los niños de hoy no solo dedican menos tiempo a jugar sino que, cuando juegan, la mayoría no lo hace con otros niños en el parque, en la calle o en la plaza, sino en casa y muchas veces solos. Y ya no juegan tanto con juguetes, sino con instrumentos electrónicos en los que predomina el juego individual con la máquina. Es cierto que estos juegos potencian las habilidades motoras y la rapidez mental, pero no deja de ser un modo de jugar solitario que apenas contribuye a la maduración de la personalidad. Cuando un niño juega con otros niños entra en contacto con la realidad y tiene que enfrentarse a situaciones a veces difíciles, como una disputa o un conflicto con otro niño, a veces gratificantes, como hacer un nuevo amigo. Todo ello le obliga a interactuar con los demás y le ofrece la posibilidad de experimentar situaciones que son un excelente aprendizaje.

Un niño que juega solo en casa a lo sumo que puede aspirar es a chatear con los amigos de la Red. No es poco. Pero no es suficiente. Este tipo de relaciones a distancia pueden hacer vibrar y sufrir tanto como las presenciales, pero también permiten escapar de las situaciones no deseadas con un simple clic y desarrollar conductas de evitación que no ayudan a madurar. Quizá por esta falta de relaciones reales y tangibles, los niños de ahora tienden a tener más fantasías. Y entre esas fantasías está la de qué querrán ser de mayores, algo en lo que también se observan cambios. Si hace 25 años querían ser maestros o astronautas, ahora quieren ser ricos y famosos. Sus modelos son los deportistas de élite, cantantes y famosos que aparecen en la tele como grandes triunfadores. Son sueños destinados a chocar con la realidad, porque no puede haber tantos Messi ni tantos Ronaldo como niños sueñan con serlo.

Milagros Pérez Oliva (*El País*, 21/11/2015, adaptación)

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]

**COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**

**Texto**

Coincidindo co Día Internacional dos Dereitos da Infancia coñecéronse diversos traballos que mostran os cambios, non sempre para ben, que afectan á vida dos nenos. Un deles, realizado polo *Instituto Tecnológico de Producto Infantil y Ocio*, compara con qué soñan e xogan os nenos de hoxe en relación cos de 1990. E o que atopou é que os nenos teñen agora menos lecer e están máis sobrecargados por deberes e actividades extraescolares que os de hai 25 anos. Non é o primeiro estudo que alerta sobre o estrés infantil e a falta de tempo para xogar, o que ten importantes consecuencias na súa formación. O xogo é un elemento indispensable para unha infancia feliz e un importante instrumento de socialización.

Os nenos de hoxe non só dedican menos tempo a xogar senón que, cando xogan, a maioría non o fai con outros nenos no parque, na rúa ou na praza, senón na casa e moitas veces sós. E xa non xogan tanto con xoguetes, senón con instrumentos electrónicos nos que predomina o xogo individual coa máquina. É certo que estes xogos potencian as habilidades motoras e a rapidez mental, pero non deixa de ser un modo de xogar solitario que apenas contribúe á maduración da personalidade. Cando un neno xoga con outros nenos entra en contacto coa realidade e ten que enfrontarse a situacións ás veces difíciles, como unha disputa ou un conflito con outro neno, ás veces gratificantes, como facer un novo amigo. Todo iso o obriga a interactuar cos demais e ofrécelle a posibilidade de experimentar situacións que son unha excelente aprendizaxe.

Un neno que xoga só na casa ó máximo que pode aspirar é a *chatear* cos amigos da Rede. Non é pouco. Pero non é suficiente. Este tipo de relacións a distancia poden facer vibrar e sufrir tanto como as presenciais, pero tamén permiten escapar das situacións non desexadas cun simple clic e desenvolver condutas de evitación que non axudan a madurar. Quizais por esta falta de relacións reais e tanxibles, os nenos de agora tenden a ter máis fantasías. E entre esas fantasías está a de qué queren ser de maiores, algo no que tamén se observan cambios. Se hai 25 anos querían ser mestres ou astronautas, agora queren ser ricos e famosos. Os seus modelos son os deportistas de elite, cantantes e famosos que aparecen na tele como grandes triunfadores. Son soños destinados a chocar coa realidade, porque non pode haber tantos Messi nin tantos Ronaldo como nenos que soñan con selo.

Milagros Pérez Oliva (*El País*, 21/11/2015, tradución adaptada)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, sinalando as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]